



## BANDO

### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS ANTE A EXPANSIÓN DO CORONAVIRUS**

Debido á situación xerada pola expansión do Coronavirus, o Concello de Pol, á vista das instrucións do Goberno do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, decidiu adoptar as seguintes medidas preventivas:

- O peche de todas as instalacións municipais: PAI, pavillón municipal, centro sociocultural, biblioteca, caseta do pulpo, escolas unitarias e calquera outro local de titularidade municipal.
- Suspensión de todas as actividades que se fosen a organizar ou se estean levando a cabo nas mencionadas instalacións, tanto por parte do Concello como por outro tipo de entidade ou asociación.
- **A atención ao público nas oficinas do Concello deberá restrinxirse a casos de extrema necesidade e solicitando cita previa no teléfono 982 34 50 29. Tamén se poden realizar os trámites a través da sede electrónica (<https://concellopol.sedelectronica.gal/info.0>) que estará operativa durante as 24 horas. No caso de necesidade urxente de atención persoal nas dependencias municipais, gardarase unha distancia mínima dun metro co persoal que o/a atenda.**
- Aprázanse todos os eventos previstos para próximas datas .
- A obrigabilidade da adopción destas medidas estará **vixente dende o venres 13 de marzo, ata novo aviso**.

Estamos ante unha situación que coa actuación responsable de todos, seremos capaces de superar se seguimos as directrices e recomendacións dos expertos. Rogamos aos veciños e veciñas de Pol a máxima colaboración.

